

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de subvención na devandita Resolución do 5 de marzo de 2008.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González  
Secretario xeral de Emigración

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 16 de maio de 2008 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria pública de axudas ao alumnado universitario galego interesado en solicitar créditos bancarios para financiamento dos seus estudos ou prorrogar os concedidos na convocatoria anterior.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, está a levar adiante diversas accións de apoio económico ao alumnado de ensino universitario, coas que se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou convenios de colaboración o día 13 de marzo de 2001 e unha adenda a estes o día 12 de xuño de 2002 coas entidades financeiras: *Banco Pastor, Caixa de Aforros de Galicia, Caixanova, Banco Gallego, Banco Simeón e Banco Etcheverría*, para facilitarlle ao alumnado universitario galego créditos bancarios a baixos xuros para o financiamento dos seus estudos.

Polo que antecede, esta consellería

### DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Co obxecto de evitar que o alumnado quede excluído do estudo na universidade por razóns económicas:

a) Convócanse axudas para o alumnado universitario galego interesado en solicitar créditos bancarios

para financiar estudos universitarios conducentes ao título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, a os novos estudos oficiais de grao, máster universitario e terceiro ciclo (etapa de formación), para o curso académico 2008/2009.

b) Convócanse, así mesmo, axudas para prórrogas do financiamento dos xuros do préstamo concedido en convocatorias anteriores.

2. Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda destinada para a mesma finalidade polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará a parte correspondente dos créditos bancarios ou prórrogas deles con cargo á partida orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, cunha contía global máxima de 12.000 euros. Non obstante pode ser incrementada no caso de producirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo á mesma aplicación orzamentaria, de acordo co disposto no artigo 31.2º letra b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Beneficiarios/as.*

1. Poderán ser beneficiarios do préstamo subsidiado os/as seguintes estudantes universitarios/as:

a) Que cursen estudos nunha universidade do sistema universitario de Galicia e teñan residencia en Galicia.

b) Que cursen estudos nunha universidade do sistema universitario de Galicia e teñan residencia fóra de Galicia, estando neste grupo os/as galegos/as e descendentes de galegos.

c) Que cursen estudos nunha universidade de fóra do sistema universitario de Galicia e teñan residencia en Galicia.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarios/as das prórrogas os/as alumnos/as galegos/as ou descendentes de galegos que foron beneficiarios/as dos préstamos en convocatorias anteriores e que cumpren as condicións establecidas nesta convocatoria.

Artigo 4º.-*Requisitos.*

1. Os créditos poderán ser solicitados polo alumnado universitario que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado no curso 2008/2009 nunha universidade en estudos universitarios conducentes ao título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, aos novos estudos oficiais de grao, máster universitario ou terceiro ciclo (etapa de formación).

b) Ter superados no momento da presentación da solicitude, 60 créditos en titulacións de 1º ciclo, 120 créditos en titulacións de 1º e 2º ciclo e novos estu-

dos de grao, e, no caso de 3º ciclo e máster universitario, ter superados os estudos completos da titulación que dá acceso a estes.

2. As prórrogas poderán ser solicitadas polo alumnado universitario que cumpra co requisito de estar matriculado no curso 2008/2009 na titulación ou estudos para os que se lle concedeu o crédito ou prórroga no curso 2007/2008.

3. Non poderán solicitar a prórroga o alumnado que xa gozou de subvención dos xuros do préstamo nos tres últimos anos.

#### Artigo 5º.-*Características do préstamo.*

1. Os préstamos serán concedidos polas entidades bancarias asinantes do convenio ao que se fai referencia na parte expositiva desta orde, nos termos que nel figuran e que se recollen nesta orde.

2. O prazo de amortización de capital será de tres a cinco anos, tendo un prazo de carencia adicional de ata tres anos. Na amortización a tres anos o tipo de xuro será do 5,5%, os préstamos con amortización superior a tres anualidades pasarían ao tipo do 6% desde o inicio do primeiro ano de amortización. Todos os prazos computaríanse contando desde o inicio do trimestre natural seguinte á data de formalización, sendo a cota trimestral de capital e xuros constante. Os préstamos poderán ser obxecto de cancelación anticipada, sen ningunha penalización.

3. Para o alumnado universitario que curse os seus estudos nunha das universidades do sistema universitario de Galicia e teña a súa residencia en Galicia, a cantidade será como máximo de 3.000 euros por cada petición.

4. Para o alumnado universitario que curse os seus estudos nunha universidade do sistema universitario de Galicia e teña a súa residencia fóra de Galicia, así como para o alumnado universitario que curse os seus estudos nunha universidade de fóra do sistema universitario de Galicia e teñan a súa residencia en Galicia, a cantidade será como máximo de 6.000 euros por cada petición.

#### Artigo 6º.-*Financiamento dos xuros.*

1. Os xuros serán financiados da seguinte forma:

a) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contribuirá ao pagamento do 2% dos xuros do primeiro ano de duración do préstamo, sen prexuízo da posibilidade da concesión de prórroga por outras dúas anualidades. A subvención será aboada á entidade financeira con carácter anual, facéndose as dilixencias administrativas para o seu aboamento antes do primeiro vencemento anual.

b) A entidade financeira pola que opte o alumno ou alumna farase cargo doutro 2% dos xuros, sempre e cando permaneza vixente a axuda relacionada no letra a) anterior.

c) A terceira parte dos xuros restantes serán por conta do alumno/a prestameiro/a, sempre e cando se manteñan as axudas anteriores. Polo tanto, o alumno ou alumna liquidará o préstamo ao tipo de xuro neto do

1,5% ou 2%, segundo o caso, nominal anual. No suposto de que o alumno ou alumna non acredite a prórroga da axuda da consellería, o préstamo pasará automaticamente a liquidarse ao tipo de xuro do 5,5% ou 6% nominal anual, segundo o exposto no artigo 5º, alínea 2.

2. O alumnado que nas convocatorias anteriores asinou contrato de préstamo coas entidades financeiras e que nesta convocatoria solicite prórroga seguirá coas mesmas condicións establecidas no contrato.

#### Artigo 7º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes, segundo os modelos desta orde, anexo I (ED434A) para os/as estudantes que soliciten o crédito bancario por 1ª vez e anexo II (ED434B) para aqueles/as que soliciten a prórroga do crédito bancario, poderán presentarse:

a) No rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dirixidas á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. No caso de presentación nas oficinas de correos, a solicitude irá en sobre aberto para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda a súa certificación postal. Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

b) Nos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

A) Alumnado que solicite o crédito bancario por 1ª vez:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade.

b) Certificación académica orixinal completa ou fotocopia compulsada na que se faga constar o resumo do número de créditos superados segundo a valoración académica, con especificación das convocatorias. No caso dos/as alumnos/as que estean a cursar estudos nas universidades do sistema universitario de Galicia, remitirán certificación académica na que se fará constar a nota media simple do expediente académico, calculada de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito o 21 de febreiro de 2005 entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do 23 de marzo de 2005 por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005. O alumnado que estea a cur-

sar estudos de 2º ciclo, por accederen desde unha titulación de 1º ciclo, deberá enviar ademais a certificación académica dese 1º ciclo.

Os/as alumnos/as de 3º ciclo que estean a cursar o segundo ano da etapa de formación deberán presentar, ademais da devandita certificación académica, o certificado das cualificacións do 1º ano de 3º ciclo.

O alumnado que curse por primeira vez un máster universitario deberá presentar igualmente a certificación académica da titulación que lle dá acceso a estes estudos, coa expresión da súa nota media.

c) Xustificante de matrícula correspondente ao curso 2008/2009 ou declaración xurada do/a solicitante de que non está matriculado/a e de que se compromete a entregar o xustificante da matrícula no prazo de dous días a partir do día en que se matricule, tendo en conta que non poderá asinar o contrato do préstamo coas entidades bancarias en tanto non presente na Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, antes do día 15 de decembro de 2008, o mencionado xustificante. Unha vez presentado o xustificante de matrícula, a Dirección Xeral entregarálle a correspondente autorización para que poida asinar o contrato coa entidade bancaria.

d) Declaración xurada do solicitante con expresión das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin por parte doutros organismos públicos.

e) Certificado de empadramento.

B) Alumnado que solicite a prórroga do crédito bancario:

a) Xustificante de matrícula correspondente ao curso 2008/2009 ou declaración xurada do/a solicitante de que non está matriculado/a e de que se compromete a entregar o xustificante da matrícula no prazo de dous días a partir do día en que se matricule, tendo en conta que non poderá asinar o contrato do préstamo coas entidades bancarias en tanto non presente na Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, antes do día 15 de decembro de 2008, o mencionado xustificante. Unha vez presentado o xustificante de matrícula, a dirección xeral entregarálle a correspondente autorización para que a entidade bancaria lles manteña a prórroga.

b) Declaración xurada do/a solicitante con expresión das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin por parte doutros organismos públicos.

3. O prazo de presentación de solicitudes comprenderá desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 15 de setembro de 2008.

Artigo 8º.-*Exposición de listaxes provisionais.*

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión, no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es), poden-

do ser consultadas ademais nas delegacións provinciais da citada consellería e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 16 de outubro. Os interesados dispoñerán dun prazo de reclamación comprendido desde o día 17 ao 27 de outubro de 2008, ambos os dous incluídos, podendo durante ese prazo formular reclamacións ou emendar erros e falta de documentación ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, presentando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

Artigo 9º.-*Comisión avaliadora.*

1. A selección das solicitudes será realizada por unha comisión de avaliación integrada por:

Presidente: o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou, por delegación, o titular da subdirección xeral de Universidades.

Vogais:

-O/A titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade da Coruña.

-O/A titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

-O/A titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Vigo.

-O/A Xefe/a do Servizo de Apoio e Orientación aos estudantes universitarios.

Secretario/a:un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 10º.-*Selección.*

A selección, ata o límite orzamentario, farase tendo en conta a nota media simple calculada cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito con data do 21 de febreiro de 2005 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do día 23 de marzo de 2005 por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005. No caso de posuír a mesma nota media de expediente académico a comisión resolverá a favor do/a alumno/a que teña supe-  
rado un maior número de créditos.

Artigo 11º.-*Resolución.*

1. Unha vez efectuada a selección pola comisión avaluadora, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe-proposta á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución na que constará a relación de persoas ás que se lles concede a axuda e outra de denegados coas causas de denegación, se os houbese.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de tres meses, contados a partir do día no que remata o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

3. Os/as solicitantes aos que lles sexa denegada a axuda poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 12º.-*Obrigas dos/as beneficiarios/as.*

1. O alumnado que resulte beneficiario destas axudas comprométese ao cumprimento do establecido nesta convocatoria, especialmente respecto ás seguintes obrigas:

a) Destinar o crédito para a finalidade para a que se concede.

b) Asinar o contrato de préstamo coa entidade bancaria.

c) Amortizar o capital obxecto do préstamo e o pagamento dos xuros deste.

d) Cumprir as condicións específicas que as entidades financeiras, de acordo coas súas normas de funcionamento e o convenio do 13 de marzo de 2001, determinan.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, O Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro pola/a beneficiario/a, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión de axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas cando proceda. A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvencións ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para adoptar os actos e medidas necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Dirección Xeral de  
 Ordenación e Calidade do  
 Sistema Universitario de Galicia

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO GALEGO INTERESADO EN SOLICITAR CRÉDITOS BANCARIOS PARA FINANCIAMENTO DOS SEUS ESTUDOS (NOVA ADXUDICACIÓN).</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED434A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
RÚA E NÚMERO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

**DATOS ACADÉMICOS**

FACULTADE / ESCOLA	
UNIVERSIDADE GALEGA	CAMPUS
UNIVERSIDADE FÓRA DE GALICIA	CAMPUS

**DATOS CRÉDITO**

Solicita o crédito por 1ª vez

Contía que solicita:     3.000 EUROS     6.000 EUROS

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA OS QUE SOLICITAN POR 1ª VEZ**

<input type="checkbox"/> COPIA DO DNI/NIF.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE. CON EXPRESIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA.	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO.
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE MATRÍCULA CURSO 2008/2009. OU	
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA SE NON ESTIVÉSE MATRICULADO.	

O/A que abaixo asina DECLARA QUE lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso nalgunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 16 de maio de 2008 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria pública de axudas ao alumnado universitario galego interesado en solicitar créditos bancarios para financiamento dos seus estudos ou prorrogar os concedidos na convocatoria anterior.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ _____ REVISADO E CONFORME _____ _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  Lugar e data _____ de _____ de 2008		



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Dirección Xeral de  
 Ordenación e Calidade do  
 Sistema Universitario de Galicia

## ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO GALEGO INTERESADO EN SOLICITAR A PRÓRROGA DOS CRÉDITOS BANCARIOS CONCEDIDOS NA CONVOCATORIA ANTERIOR.</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED434B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
RÚA E NÚMERO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

## DATOS ACADÉMICOS

FACULTADE / ESCOLA	
UNIVERSIDADE GALEGA	CAMPUS
<input type="checkbox"/> CURSO EN QUE ESTIVO MATRICULADO NO CURSO 2007/2008	<input type="checkbox"/> CURSO EN QUE SE VAI MATRICULAR NO CURSO 2008/2009

## DATOS CRÉDITO

<input type="checkbox"/> SOLICITA A 1ª PRÓRROGA DO CRÉDITO
<input type="checkbox"/> SOLICITA A 2ª PRÓRROGA DO CRÉDITO
<input type="checkbox"/> CONTÍA CRÉDITO ASINADO

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA OS QUE SOLICITAN PRÓRROGA

<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE MATRÍCULA CURSO 2008/2009.
OU
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA SE NON ESTIVESE MATRICULADO.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE, CON EXPRESIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.

O/A que abaixo asina DECLARA QUE lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso nalgunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## OBSERVACIÓNS

--

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 16 de maio de 2008 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria pública de axudas ao alumnado universitario galego interesado en solicitar créditos bancarios para financiamento dos seus estudos ou prorrogar os concedidos na convocatoria anterior.*

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de 200

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____